

BASES DO SORTEO “MES DO LIBRO EN AMES” 2022

1. Poderán participar todas aquelas persoas que realicen compras de libros nas librarías participantes durante o período comprendido entre o 28 de marzo e o 23 de abril de 2022.
2. As librarías participantes son as seguintes:
 - No Milladoiro (1): Papelería O Tinteiro
 - En Bertamiráns (3): Librería Lenda, Librería Máinomen, Librería Huargo Artis
3. **Por cada compra de libros**, o establecemento entregará unha papeleta na que a persoa compradora anotará os seus datos persoais e de contacto (nome, apelidos, DNI, email e teléfono) e depositará nunha urna situada na librería.
No caso de tratarse de persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal (os datos cumprimentaríanse no reverso da papeleta entregada).
4. Non serán válidas as papeletas que non inclúan o **nome e apelidos completos** e algunha **forma de contacto** (teléfono e/ou email).
5. A biblioteca sorteará **oito premios de 25€** por cada unha das librarías participantes, para canxear no mesmo establecemento ata o 31 de maio.
6. Cada participante só poderá recibir un único premio. En caso de que a mesma persoa resulte agraciada no sorteo, máis dunha vez, non será válido e volverase repetir o sorteo para escoller unha nova persoa premiada.
7. Non poderá participar no sorteo nin o persoal das bibliotecas nin o dos establecementos participantes.
8. O 25 e 26 de abril recolleranse as urnas de cada unha das librarías participantes.
9. O 27 de abril realizarase sorteo público nas bibliotecas, do Milladoiro e de Bertamiráns. O sorteo na Biblioteca do Milladoiro terá lugar ás 11h. e na Biblioteca de Bertamiráns ás 12h.
10. Entre os días 27 de abril e 7 de maio desde o servizo de Bibliotecas poñeranse en contacto coas persoas gañadoras para entregarlle o vale pola cantidade premiada.
11. As persoas premiadas deberán canxear o vale por libros, no mesmo establecemento no que depositaron a papeleta, ata o 31 de maio.
12. O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria do Sorteo do Mes do Libro é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica desta convocatoria.
A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación no Sorteo do Mes do Libro.
O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.
Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.
As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída

a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.